

PROXECTO PARA A RECUPERACIÓN DA VÍA: "CICATRIZ".

1. Solicitante: · Ana Belén Miguélez Vázquez. DNI: 32799220 R
Federada polo club Serra do Suído.
Tlf: 986452094.

2. Colaboradores: · Eva Lago Estevez DNI: 36041162 R
Federada polo club Serra do Suído.
Tlf: 986373396.

· Antonio Rodriguez Pena. DNI: 36115036 E
Federado polo club Serra do Suído.
Tlf: 886132034.

· Luís Solla Covelo. DNI: 36077187 P
Federado polo club Serra do Suido.
Tlf: 986452094

Correo electrónico: sollacovelo@yahoo.es

2. Criterio de recuperación:

A intención é deixar limpos (sen equipamento) os tramos protexibles e equipar o non protexible. Con este criterio equiparíase unicamente o tramo que vai dende a entrada orixinal da Carra ata a reunión do carballo, común da "Kuki" e "O piragüista", coa intención de que se poida facer en cheminea (en X ou L) protexida, pero quen queira facela en empotre interior a atope limpa; o tramo común coa kuki deixaríase tal e como está agora, e o tramo do brazo dereito da "Y" limparíase pero non se poría equipamento fixo (dado que a sucidade non permite ver totalmente a fenda, se unha vez limpo este tramo se ve que o equipamento non é factible presentaríase ao comité unha variación no proxecto para equipar total ou parcialmente este segmento). O tramo final de placa consideramos que non ten interese dada a calidade da roca (os pitóns rompen bastante) e que sería un tramo inicial en A0 seguido dunha placa do estilo das próximas

"sentimentos" ou "no me toques con magnesio", por iso propoñemos desequipar a saída orixinal dentro da filosofía de limpeza de material vello.

3. Descrición dos traballos:

Os traballos consistirían na limpeza da rama dereita de "Y" e a limpeza e equipamento da cheminea-empotre do primeiro tramo, aproveitando para limpar correctamente a entrada orixinal da "Carra". Tamén se eliminaría o equipamento vello da placa de saída e da reunión do carballo (se é posible arrincando os burís vellos e reenchendo os buratos con sica ou similar).

4. Distribución e número de seguros fixos:

Segundo o exposto, o único tramo a equipar é a cheminea-empotre do primeiro longo e a reunión do final da "Y".

A intención é aproveitar o primeiro seguro da entrada orixinal da "Carra" e continuar o equipamento por esa parede (a da dereita se se mira a parede de fronte) que é lixeiramente desplomada. O número de seguros sería 3 ata a reunión do carballo da Kuki. A distribución sería: o 1º a 1,5 mts do xa citado da "Carra", o 2º a 2 mts do anterior, e o 3º a 2,5 mts do 2º. Esta distribución ten como obxectivo non sobrecargar de seguros o longo pero garantir a seguridade. A colocación sería de forma que facendo a vía en cheminea en "X" a liña de seguros quede xusto diante do corpo e a dereita (subindo de cara o fondo da fenda); se a cheminea se fai en "L", mais ao interior, os seguros quedarían á altura do ombreiro esquerdo se o lombo vai pola parede desplomada, ou do pé dereito se imos no outro sentido; se se sobe en empotre os seguros fixos quedarían algo lonxe e sería posible a escalada en autoprotección sen excesiva "contaminación" polo equipamento. A distribución proposta é regular porque non se teñen previstos movementos especialmente dificultosos.

A reunión do final da "Y" sería de dous parabolt con argola.

5. N°. De longos e distribución:

A vía quedaría definida en dous longos ata o final do brazo dereito da "Y". A distribución sería:

- 1º longo ata o carballo da "Kuki".
- 2º longo ata o final da "Y".

6. Calendario:

Dado que o traballo non é excesivo, se o tempo acompaña, non debería demorarse o remate mais alá de 3 meses dende a eventual adxudicación.